

**MELLORA DA OU-212 (1ª FASE).
RECTIFICACIÓN DE TRAZADO (BEARIZ)
E HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA
DE LIÑARES (AVIÓN)
CLAVE: OU/24/189.06**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a mellora de varios treitos da estrada OU-212 nos concellos de Beariz e Avión (Ourense), a través das seguintes actuacións:

- Concello de Beariz: mellora do firme e ampliación da plataforma ata os 7 m entre a capitalidade do concello P.Q. 6+250 e a curva do P.Q. 7+350; rectificación desta curva, aumentando o radio de 30 m a 50 m.
- Concello de Avión: humanización da travesía de Liñares, entre os puntos quilométricos (P.Q.) 8+760 e 9+610, e renovación da capa de rodadura, entre os P.Q. 10+000 e 11+000 e P.Q. 15+000 e 15+500.

2. Plan de Estradas

A estrada OU-212 pertence a Rede Local de Estradas Convencionais de Galicia.

3. Descrición da actuación

Concello de Beariz:

- Rectifícase o trazado e ampliase a plataforma dende a saída da capitalidade (p.q. 6+250), ata o p.q. 7+350 aprox., e se realiza a ampliación do radio da curva do p.q. 7+350, conectando co trazado actual.
- Renovación da sinalización, reposición de servizos e retranqueo dos peches afectados.

Concello de Avión:

- Humanización da travesía de Liñares, cunha renovación superficial dos firmes e pavimentos existentes.
- Acondicionamento dos accesos existentes dos camiños á estrada OU-212.
- Dótase de accesibilidade ás beirarrúas. Entre os P.Q. 8+925 e 8+950 e P.Q. 9+200 e 9+255, unifícase o pavimento de toda a sección, creando unha plataforma compartida con prioridade peonil.
- Renovación da iluminación: desmóntanse os elementos actuais e proxéctase unha nova rede soterrada con 24 novos báculos e luminarias LED. Renovación de varandas de protección peonil e refuxio. Reposición de servizos afectados e renovación de sinalización.

4. Características técnicas

Concello de Beariz: Lonxitude aproximada: 1.150 m

- Sección tipo: calzadas 2 x 3,00 + beiravías 2 x 0,50 m + bermas 0,50 m en novo trazado e ampliacións + gabias laterais en desmonte 1,25 m.
- Renovación do firme da calzada: 3 cm fresado + 5 cm de MBC AC16 SURF BC50/70S

Concello de Avión: Lonxitude aproximada. Travesía: 850 m

- Beirarrúas e aparcadoiros (3.670 m²): tras a súa demolición, reconstrúense con 16 cm de formigón HF-3.5, cunha altura de bordo de 2 cm sobre a calzada, mantendo coplanarias as superficies de beirarrúa e aparcadoiro.
- Renovación do firme da calzada: 5 cm fresado + 5 cm de MBC AC16 SURF BC50/70S.

5. Principais unidades de obra

Demolición de firme ou pavimento	5.584,28 m ²
Fresado por cm de pavimento	70.848,57 m ²
Escavación en desmonte	9.238,00 m ³
Formación de vertedoiro	14.355,00 m ³
MBC AC16 SURF BC50/70S i/filler s/betume	2.949,58 tn
Betume asfáltico BC 50/70	110,71 tn
Saburra artificial	761,84 m ³
Gabia tri. Tra. 1,25 m tal.: 1,25 H/1V y 5h/1v h=0,20 cm	575,00 ml
Pavimento formigón HF=3.5 3=16 cm	3.670,40 m ²
Pavimento formigón HF=3.5 e=20 cm	758,50 m ²
Bordo de formigón pref. 15X22x100 cm	1.447,50 ml
Báculo iluminación + luminaria LED	24 ud
Varanda metálica h=90 cm	290,00 ml

6. Poboación servida

Beariz 946 hab Avión 1.754 hab

O total da poboación servida é de 2.700 habitantes

7. Concellos Afectados

Beariz e Avión

8. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a un total de 20 parcelas, das cales:

- Parcelas afectadas por expropiación: 20 (3.493 m², dos cales 212 m² son de 2 parcelas de titularidade pública)
- Parcelas afectadas por ocupación temporal: 4 (78 m²)

Expropiación	11.483,50 €
Premio de afección (5%)	574,18 €
Ocupación temporal	31,98 €
Orzamento Total Expropiacións	12.089,66 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CATORCE (14) meses.


10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	1.331.370,65 €
Orzamento Total de Expropiacións	12.089,66 €
Orzamento para Control e Seguimento Arqueolóxico	1.000,00 €
Orzamento para coñecemento da administración:	1.344.460,31 €

11. Orzamentos por concello



<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>% inversión</u>	<u>OCA</u>
Beariz	OU-212	32,82 %	441.185,17 €
Avión	OU-212	67,18	903.275,14 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES

Concello de Beariz



Concello de Avión

